



Tarefas para facer na asinatura de 4ºESO Historia para os alumnos do grupo de A na semana do 16 ao 20 de marzo.

Queridos alumnos/as de 4º da Eso, grupo A. Son David, o novo profe de Historia. Espero que estedes levando a reclusión o millor posible. Millor ca min, seguro.

Bueno, aquí vos deixo unhas actividades que me gustaría que fixérades nesta primeira semana de coarentena.

En primeiro lugar, como xa vimos na clase, imos copiar un eixo cronolóxico ou liña do tempo no voso caderno (podedes empregar un que xa teñades empezado). Para iso debedes empregar o do profesor Francisco, que xa repartimos en clase. Tamén facede unha portada da asinatura, non estaría nada mal. Así traballades un pouco as habilidades plásticas.

A continuación, quero que collades o tema 1 O século da Razón, e o esquema que aparece na páxina 7, me gustaría que o transformárades nun texto de redacción. E dicir, colledes os contidos que están aí en plan esquema e con eles facedes un texto como se se vos preguntase nun exame unha pregunta de desarrollo. Iso deberíavos ocupar polo menos unha carilla-carilla e media do caderno. Debedes saber utilizar os signos de puntuación para que o resultado sexa un texto lexible e non un telegrama (non falamos, nen debemos escribir coma os indios das películas: yo dormir mucho).

E penso que con esas dúas tarefas tendes dabondo para esta semana. Xa vos seguirei informando.

Coidádevos moito, rapaces.

Un afectuoso saúdo.

David